

PROXECTO LINGÜÍSTICO



2020-2024

INDICE

1. Preámbulo.
2. Lexislación aplicable.
3. Breve análise da realidade sociolingüística do noso centro.
4. Obxectivos xerais.
5. Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.
6. Medidas adoptadas co alumnado con pouco dominio das linguas
7. Emprego das linguas, por materia e cursos, na ESO e BAC.
8. Emprego das linguas, por módulos e cursos, na FP.
9. Actividades e estratexias de aprendizaxe empregadas para o coñecemento das dúas linguas oficiais.

1.- PREÁMBULO

O Claustro de profesores do I.E.S. Marqués de Sargadelos, con data de maio de 2020 acorda, ao abeiro do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (en adiante decreto79/2010, do 20 de maio de 2010), crear unha Comisión específica de Profesores para revisar e actualizar o Proxecto Lingüístico IES Marqués de Sargadelos (PLC). Esta comisión, que revisará e actualizará o PLC, unha vez finalizado o seu labor presentarlle o proxecto ao Consello Escolar para a súa aprobación. Queda constituída a comisión da seguinte maneira :

- **María Luz Seco Chao.** Coordinadora do Equipo de Dinamización Lingüística.
- **Xoán Xosé Saá Fernández .** Membro do Departamento de Lingua Galega.
- **Manuel Yañez Vivero.** Membro do Departamento Lingua Castelá.
- **Montserrat Deán Fernández .** Membro do Departamento Lingua Extranxeira - Inglés.
- **María Jesús Sánchez Vicente.** Membro do Departamento Lingua Extranxeira – Francés.
- **María Carmen Fernández García.** Membro do Departamento de Linguas Clásicas.

O mesmo decreto referenciado arriba sinala que o PLC será elaborado cada 4 anos (**1º curso do período 2011-2012**) tendo en conta o Proxecto Educativo, e que será aprobado e avaliado polo Consello Escolar e remitirase aos servizos da inspección antes do 30 de setembro de cada ano.

2.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (D.O.G.:14/7/83) .
- Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (D.O.G: 25/5/2010).
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este, coa anulación dos artigos 5.2 e 12.3.
- Orde do 10 de febreiro do 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2014, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia con relación a exención en materia de Lingua Galega
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio. (DOG, 15/04/94).
- Orde do 30 de xuño de 1994 pola que se desenvolve o Decreto 79/1994, do 8 de abril, sobre a exención da materia de lingua galega no ensino básico e medio. (DOG, 04/08/94).

- Resolucions do 12 de setembro de 1997, das catro delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polas que se delega nos directores de tódolos centros públicos que impartan ensino primario e/ou secundario a competencia para entender acerca dos procedementos para a exención da materia de lingua galega. (DOG do 15 de setembro).
- Decreto 324/96, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento. (DOG do 2 de setembro).
- Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro de 2004.

3.- BREVE ANÁLISE DA REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA DO NOSO CENTRO.

O alumnado que acode a este centro procede de todas as zonas do concello. A maioría deles son dos núcleos de San Cibrao e Lieiro, o resto procede das parroquias rurais e teñen que desprazarse ata o centro en transporte escolar. A maiores chegan alumnos dos concellos veciños de Xove e Burela para faceren as modalidades de bacharelato que oferta o centro. Os ciclos formativos que ofrece o centro, Ciclo de FPB na modalidade de Informática de oficina e Ciclo Superior de Química Industrial atrae non só a alumnado procedente da mariña lucense (Ribadeo, Foz, Burela, Xove e Viveiro), senón tamén, no caso do CSQI, doutras zonas de Galicia

Aínda que existe abundante zona rural, a economía está moi diversificada e a maioría da poboación ten varias fontes de ingresos; así, mentres unha parte da familia atende pequenas explotacións agrícolas, outra traballa na industria ou no mar. O emprego da lingua galega nestes ámbitos sociais aínda amosa uns índices bastante elevados malia que os nenos procedentes da vila de San Cibrao están máis castelanizados. Por outro lado, a fábrica de aluminio de San Cibrao atraeu un número considerable de familias que amosan un descoñecemento e, nalgúns casos, mesmo distanciamento respecto á lingua galega. Así mesmo, hai un grupo menos significativo de alumnado procedente de Cabo Verde, cuxas familias se foron instalando na zona para traballar fundamentalmente no mar.

Contamos polo tanto con:

- Un grupo elevado de persoas naturais da comarca cuxos fillos amosan un grao alto de coñecemento e uso do galego. A base demográfica da lingua galega (en termos de lingua inicial, de lingua habitual, e de usos lingüísticos en galego) aínda é importante.
- A porcentaxe de familias que lles transmiten o galego aos fillos/as é aínda considerable, nalgúns casos de xeito consciente e comprometido.
- Un considerable número de alumnos procedentes de fóra de Galicia que amosan unha certa impermeabilidade respecto á lingua e cultura de Galicia.

A tendencia desgaleguizadora é máis acentuada entre o alumnado procedente da vila de San Cibrao, porén a presenza importante de alumnado procedente de Cervo e das zonas rurais maioritariamente galegofalantes neutraliza, de momento, este proceso de desgaleguización. No centro, igual que na súa comarca, a presenza do galego no ámbito oral aínda é destacable, malia a que tamén é destacable a diglosia produto da presión da lingua prestixiada: o español.

4.- OBXECTIVOS XERAIS.

1.- Obxectivos xerais.

Os obxectivos xerais que se sinalan a continuación enmárcanse nos obxectivos xerais do Plano Xeral de Normalización incluído no PCC, e nas consideracións preambulares do *Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010*.

Obxectivo 1: Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia do país, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.

Obxectivo 2: Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos á lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.

Obxectivo 3: Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros de fala oficial castelá, con nulo ou insuficiente dominio da lingua galega.

Obxectivo 4: Fomentar e facilitar a integración socio-lingüística e escolar de alumnado de países estranxeiros con falas oficiais diferentes á galega e castelá, con nulo ou insuficiente dominio das linguas oficiais.

Obxectivo 5: Fomentar a aprendizaxe das linguas estranxeiras do noso curriculum a través de intercambios, proxectos educativos bilingües e viaxes didácticas.

2.- Obxectivos por ámbitos.

2.1.- Contorno sociolingüístico do centro.

- Apoiar e solicitar actividades relacionadas coa lingua e cultura galega organizadas pola ANPA.
- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito, da lingua propia do país, e reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- Atender e apoiar iniciativas de interese encamiñadas á difusión, prestixio e difusión do galego que partan dos diferentes membros da comunidade educativa, xa sexa de forma colectiva ou individualizada.
- Fomentar o contacto directo coa cultura e lingua portuguesascoa pretensión de dar a coñecer unha sociedade plenamente normalizada nunha das linguas do tronco galego-portugués,
- Colaborar con entidades implicadas no desenvolvemento de actividades relacionadas coa difusión e potenciación da lingua e cultura galegas.
- Colaborar con outros centros educativos da localidade ou da comarca nos procesos de normalización lingüística e compartir experiencias.
- Dar a coñecer entre toda a comunidade escolar e periférica do centro o Proxecto Lingüístico do Centro.

2.2.- Profesorado.

- Contribuír a que os materiais que se empreguen nas áreas e materiais impartidas en lingua galega estean actualizados, escritos en galego e teñan a calidade científica e pedagóxica axeitada.

- Promover entre todo o profesorado a adquisición de material educativo en galego (bibliográfico, videográfico, discográfico, e informático adaptado ás novas tecnoloxías).
- Contribuír ao coñecemento da lexislación en materia de normalización lingüística, especialmente da Lei de Normalización Lingüística, entre todo o profesorado coa intención de preservar os dereitos de uso do galego.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que desmonte falsos prexuízos.
- Colaborar naquelas actividades organizadas polos distintos departamentos que contribúan á potenciación e difusión da nosa lingua, literatura ou cultura en xeral.

2.3.- Alumnado.

- Fomentar o uso xeneralizado, tanto a nivel oral como escrito da lingua galega, reforzando a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos.
- Facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua galega, e incrementar a asociación de valores positivos coa lingua galega que a fagan percibir como lingua moderna e de futuro para a promoción social de Galicia.
- Fomentar e facilitar a integración sociolingüística do alumnado doutras comunidades autónomas ou de países estranxeiros con nulo ou insuficiente dominio do galego.
- Conseguir para a lingua galega maiores espazos de uso no ámbito científico-técnico.
- Conseguir para o centro suficientes medios para facilitar o uso do galego por parte do alumnado.
- Fomentar entre o alumnado os valores da cultura galega.
- Colaborar naquelas actividades organizadas polos distintos departamentos que contribúan á potenciación e difusión da nosa lingua, literatura ou cultura galega.
- Achegar ao noso alumnado ao mundo do teatro en galego.
- Dar a coñecer lugares relevantes de Galicia no eido cultural, social, etc.
- Contribuír ao coñecemento da lexislación en materia de dereitos lingüísticos entre todo o alumnado.
- No contexto de dar a coñecer unha sociedade plenamente normalizada nunha das linguas do tronco galego-portugués, fomentar o contacto directo coa cultura e lingua portuguesas.
- Establecer as conexións posibles entre a lingua galega e outras linguas de proxección e recoñecemento internacional como o inglés ou o francés.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que desmonte falsos prexuízos.
- Fomentar a lectura e difusión de libros en galego.
- Familiarizar ao alumnado coas novas tecnoloxías e explorar as posibilidades que ofrecen estas para a difusión da lingua galega.

2.4.- Centro.

- Fomentar o uso oral e escrito da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa.
- Dar a coñecer entre toda a comunidade escolar o Proxecto Lingüístico de Centro para que se implique na súa execución práctica.
- Colaborar con outros centros educativos da comarca para a elaboración e/ou desenvolvemento de proxectos normalizadores.
- Realizar traballos de propaganda e difusión das novidades culturais, eventos, novidades editoriais, películas de actualidade, discos, xogos, materiais informáticos, recursos educativos, etc. Este labor irá dirixido a alumnado, pais e nais, profesorado e persoal non docente.

5.- LIÑAS DE ACTUACIÓN

Para o curso 2012-2013 conséntase o cumprimento da equidade no uso das dúas linguas oficiais de Galicia, así como a progresiva incorporación do inglés na didáctica de materias non lingüísticas, consonte ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010 e na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010*. É importante resaltar, neste sentido, que o noso centro abriu unha liña de actuación no eido da aprendizaxe das linguas estranxeiras: somos un centro que conta con Sección Bilingüe en lingua inglesa, e neste curso contamos cunha profesora nativa de reforzo da fala e da lectura nesa lingua.

Nas materias das linguas oficiais de Galicia tanto o alumnado como o profesorado usarán as correspondentes linguas. Nas linguas estranxeiras o alumnado usará a lingua estranxeira correspondente. En todas as demais materias, o alumnado poderá empregar a lingua oficial da súa preferencia tanto nas manifestacións orais como nas escritas.

Porén, o Equipo de Dinamización Lingüística fomentará o uso do galego entre todo o alumnado, independentemente das súas preferencias.

Por manifestacións orais enténdese: intervencións, exposicións, resolución de dúbidas ou calquera outra derivada das programacións correspondentes. Por manifestacións escritas enténdese: actividades, exercicios, traballos de lectura, exames ou calquera outra derivada das programacións correspondentes.

Nas materias de obrigado cumprimento en galego na ESO, as que se ofertan en galego no BACH e nas da FP Básica, as probas ou exames poñeranse, con carácter xeral, en lingua galega.

O Equipo de Dinamización Lingüística, coa colaboración dos diferentes departamentos implicados no ensino en galego, procurará actualizar os fondos bibliográficos, publicacións e materiais necesarios para favorecer o cumprimento do devandito artigo 13º do *Decreto 79/2010, do 20 de maio de 2010*. O Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística prestará especial atención aos materiais audiovisuais, así como aos que implican o manexo das TIC polo que supoñen de positivo para a dimensión comunicativa do galego nos denominados contextos vivos.

5.-1.- PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS BILINGÜES.

Para o curso 2019- 2020 o noso centro segue a participar no proxecto *Seccións bilingües*.

O plan vai dirixido a un grupo de alumnos de 1º ESO que cursarán Educación Plástica e Visual en inglés, e que teñen como lingua oficial de referencia a lingua castelá.

Os Departamentos implicados directamente nesta iniciativa son o Departamento de Inglés e o Departamento de Educación Plástica e Visual.

Entre os principais obxectivos contémplanse:

- O reforzo das aprendizaxes da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na materia, así como a adquisición de terminoloxía específica.
- A progresiva utilización do inglés como lingua de comunicación na aula, xunto co galego, para reforzar as habilidades comunicativas nesta lingua estranxeira, e ademais conseguir a adquisición por parte do alumnado de terminoloxía específica da materia en ambos idiomas.

6.- MEDIDAS ADOPTADAS CO ALUMNADO CON POUCO DOMINIO DAS LINGUAS

6.1.- PARA ALUMNOS DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS OU DE PAISES ESTRANXEIROS DE LINGUA CASTELÁ CON NULO OU INSUFICIENTE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

6.1.1.- *Para alumnado de 1º ciclo e 3º da ESO, para alumnado de 4º da ESO e 1º Bach. e para o alumnado de FP Básica que non solicitan exención de Lingua Galega.*

Na materia de Lingua Galega na etapa da ESO e de FP e nos cursos onde haxa un agrupamento flexible de alumnos para atender a unhas necesidades concretas, estes poderán incorporarse a eles para facilitarles o contacto inicial coa lingua galega e, coa axuda continuada do seu profesorado, procurar que adquiren un dominio adecuado da lingua galega.

Estes alumnos deberán retornar ao grupo de orixe, se se constata unha rápida ou satisfactoria adquisición da correspondente competencia lingüística.

Se non houbese agrupamento flexible, e tanto para ESO, para a FP coma para BACHARELATO, o departamento de Lingua Galega, coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptará, de acordo co PE, medidas de reforzo ou apoio para que o alumno poida acadar os obxectivos marcados tanto na programación como neste proxecto lingüístico. As medidas contemplarán os seguintes aspectos:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación sociolingüística e escolar do alumno para a consecución dos obxectivos da programación.
- Elaboración de traballos apropiados encamiñados a adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua galega.
- Realización de lecturas escollidas para familiarizarse coas estruturas básicas e coa semántica, e facilitar a velocidade lectora en lingua galega.

Na etapa da ESO, no caso de exencións da 2ª lingua estranxeira poderá empregarse estas sesións para realizar actividades de integración lingüística.

Nas materias de obrigado cumprimento do uso da Lingua Galega e nas que se imparten a maiores e completan e garanten a porcentaxe mínima do 50% para o galego, os respectivos departamentos, coa colaboración do Equipo de Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptarán medidas encamiñadas a que o alumnado poida aproveitar as ensinanzas que se lle imparten. As medidas contemplarán os seguintes aspectos:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación sociolingüística e escolar do alumnado para a consecución dos obxectivos da programación.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación. En ningún caso esta bibliografía pode suplir os manuais ou libros de texto referidos na programación para o curso nas de obrigado cumprimento.
- Especial atención por parte do profesorado ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática que poida amosar o/a alumno/a, tanto no referido ás explicacións do profesor como ás que resultan da lectura de textos e da realización de exercicios ou actividades.

6.1.2.- Para alumnos de 4º do ESO e 1º BACH que solicitan exención de Lingua Galega.

Os alumnos que se incorporen ao sistema educativo galego en 4º de ESO ou en 1º de Bach, procedentes doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro con lingua oficial en castelá poderán obter a exención da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante dous cursos académicos.

Na materia de Lingua Galega, o Departamento de Lingua Galega, coa colaboración do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e do Departamento de Orientación, adoptará as medidas de apoio apuntadas no apartado 6.1.1. para que o/a alumno/a, con materiais didácticos específicos e coa axuda continuada do seu profesorado, teña un dominio adecuado da lingua galega e poida seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea.

Estes/as alumnos/as deberán asistir obrigatoriamente ás clases de Lingua Galega como medio de integración lingüística. As súas ausencias anotaranse, a todos os efectos, no parte de faltas. Tamén deberán amosar un esforzo especial pola súa parte para aproveitar a axuda do profesorado.

O incumprimento por parte do alumno do establecido no parágrafo anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pai, nai ou titores legais, a revogación da exención. Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o/a alumno/a de ser cualificado nas avaliacións parciais ao final do curso en que se atopa.

A solicitude de exención realizaranse seguindo o procedemento establecido no art.19º do *decreto79/2010, do 20 de maio de 2010*.

6.2.- PARA ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS PAÍSES ESTRANXEIROS CON NULO OU INSUFICIENTE COÑECEMENTO DAS LINGUAS GALEGA E CASTELÁ

Na etapa da ESO establecerase na preavaliación inicial o grao de descoñecemento para aplicar, se fose necesario, unha ACI. Se non fose necesario aplicaranse as medidas de atención á diversidade oportunas, segundo o establecido no PE: reforzo educativo (que incluírá os aspectos sinalados no apartado 6.1.1.) ou agrupamento específico.

No caso de exencións da 2ª lingua estranxeira poderán empregarse estas sesións para realizar actividades de

integración lingüística.

Tamén se determinará a pertenza destes alumnos ao ámbito territorial lingüístico anglófilo, francófono ou lusófono para estudar unha posible aproximación ás dúas linguas oficiais do sistema educativo galego dende os Departamentos de Inglés, Francés, ou Portugués coa colaboración dos Departamentos de Orientación, Lingua Galega, Lingua Castelá e Equipo de Dinamización.

Na etapa de Bacharelato, aplicaranse as medidas do apartado 6.1.1. de xeito xeral para todas as materias e nas correspondentes linguas de referencia.

Para a correcta integración destes alumnos solicitarase a intervención e colaboración da Inspección Educativa.

7.- EMPREGO DA LINGUA GALEGA POR MATERIAS E CURSOS NA ESO E NO BACHARELATO.

1º ESO				
CASTELÁN			GALEGO	
Lingua Castelá	4		Lingua Galega	4
Matemáticas	5		Xeografía e Historia	3
EPeV	2		Bioloxía e Xeoloxía	4
Relixión / Val. Éticos.	1		Educación Física	2
Iniciación á Expresión Musical (Libre configuración)	1		Educación Viaria (Libre configuración)	1
Inglés				
Francés / Portugués				

2º ESO			
CASTELÁN		GALEGO	
Lingua Castelá	3	Lingua Galega	3
Matemáticas	5	Xeografía e Historia	3
Física e Química	3	Educación Física	2
Tecnoloxía	3	Música	2
		Relixión / Valores Éticos	1
		Oratoria / Promoción de Estilos de Vida Saudable (Libre configuración)	1
Inglés			
Francés / Portugués			

3º ESO				
CASTELÁN			GALEGO	
Lingua Castelá	3		Lingua Galega	3
Matemáticas	4		Xeografía e Historia	3
Tecnoloxía	2		Bioloxía e Xeoloxía	2
Física e Química	2		Educación Física	2
Música	2		EPeV	2
Relixión / Valores Éticos	1		Cultura Clásica	2
Inglés				
Francés / Portugués				

4º ESO			
CASTELÁN		GALEGO	
Lingua Castelá	3	Lingua Galega	3
Matemáticas	4	Xeografía e Historia	3
Tecnoloxía	3	Bioloxía e Xeoloxía	3
Física e Química	3	Ciencias Aplicadas á A. P.	3
Cultura Clásica	3	Educación Física	2
Música	3	TIC	3
Relixión / Valores Éticos	1	Cultura Científica	3
Economía	3	EPeV	3
Iniciación á A. E. e E.	3	Latín	3
		Filosofía	3
Inglés			
Francés / Portugués			

1º BAC			
CASTELÁN		GALEGO	
Lingua Castelá I	3	Lingua Galega I	3
Tec. Industrial I	3	Filosofía e Cidadanía	3
Matemát. Aplicadas I	4	Educación Física	2
Economía	4	Bioloxía e Xeoloxía	4
Física e Química	4	Matemáticas I	4
Debuxo Técnico I	4	Hist. Mundo Contemp.	4
Análise Musical I	3	Latín I	4
Relixión	1	Grego I	4
Literatura Universal	4	TIC I	2
Robótica	2	Cultura, Sociedade e Relixión (Libre configuración do centro)	1
Literatura Hispánica	2	Antropoloxía	2
Debuxo Artístico I	3	Cultura Científica	2
		Anatomía Aplicada	3
Inglés I			
Francés I			

2º BAC				
CASTELÁN			GALEGO	
Lingua Castelá II	3		Lingua Galega II	3
Hª da Arte	4		Historia de España	3
Matemát. Aplicadas II	4		Historia da Filosofía	4
Economía de empresa	4		Xeografía	4
Física	4		Matemáticas II	4
Química	4		Ciencias da Terra e M.A.	3
Bioloxía	4		Latín II	4
Debuxo Técnico II	4		Grego II	4
Tec. Industrial II	3		Xeoloxía	4
Análise Musical II	3		Psicoloxía	3
Métodos Estatísticos	2		TIC II	3
Relixión	1		Ética e Filosofía do Dereito	2
Debuxo Artístico II	3		Literatura Galega S. XX	2
Inglés II			Xeografía e Hª de Galicia	2
Francés II			Cine e Valores (Libre configuración do centro)	1

8.- EMPREGO DAS LINGUAS POR MÓDULOS E CURSOS na F.P.

Distribución dos módulos do ciclo de *Química Industrial* en galego e castelán.

PRIMEIRO CURSO

Módulo	Horas	Idioma
Prevención de riscos en industrias químicas (PRL)	80	Castelán
Acondicionamento e almacenaxe de produtos químicos (AAPQ)	107	Castelán
Formulación e preparación de mesturas (FPM)	107	Galego
Transporte de sólidos e fluídos (TSF)	160	Castelán
Mantemento electromecánico en industrias de proceso (MEIP)	133	Castelán
Operacións básicas na industria química (OBIQ)	266	Galego
Formación e orientación laboral (FOL)	107	Galego

Total horas	Horas en galego	Horas en castelán
960	480	480

SEGUNDO CURSO

Módulo	Horas	Idioma
Reactores químicos (RQ)	140	Galego
Regulación e control de proceso químico (RCPQ)	210	Castelán
Organización e xestión en industrias químicas (OXIQ)	70	Castelán
Xeración e recuperación de enerxía (XRE)	157	Galego

Empresa e iniciativa emprendedora (EIE)	53	Castelán
Proxecto de industrias de proceso químico	26	Galego

Total horas	Horas en galego	Horas en castelán
656	323	333

Distribución dos módulos do ciclo de *Fp Básica de Informática de Oficina* en galego e castelán.

PRIMEIRO CURSO

Módulo	Horas	Idioma
Comunicación e Sociedade I	206	Galego
Ciencias aplicadas I	175	Castelán
Montaxe e mantemento de sistemas informáticos	296	Castelán
Ofimática e arquivamento de documentos	233	Galego

Total horas	Horas en galego	Horas en castelán
910	439	471

SEGUNDO CURSO

Módulo	Horas	Idioma
Comunicación e Sociedade II	135	Galego
Ciencias aplicadas II	162	Castelán
Instalación e mantemento de redes.	206	Galego
Operacións auxiliares para a configuración	205	Castelán

Total horas	Horas en galego	Horas en castelán
708	341	367

9.- ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE EMPREGADAS PARA O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.

En xeral, as estratexias de aprendizaxe serán aquelas que marquen as distintas programacións dos diferentes departamentos asociados á aprendizaxe das linguas. Porén, farase un especial labor de dinamización da lingua galega tal e como dictamina a lexislación vixente.

Así, fomentarase o uso da lingua galega en todos os actos que o centro organiza. Para o curso 2019-2020 as actividades e actos previstos poden considerarse contextos vivos onde a dimensión comunicativa do galego está presente dun xeito moi evidente. Así mesmo, procurase asociar a lingua galega cos diferentes ámbitos das novas tecnoloxías, polo que de positivo ten esta asociación para o fomento do seu uso. As actividades que se veñen programando e que se pretenden executar neste curso figuran no *PROXECTO de FOMENTO do USO do GALEGO para o 2019-2020*. Pode que algunha delas non se realice fundamentalmente por falta de financiación ou ben que se realicen outras novas que aquí non figuran; con todo, procurarase que a lingua galega teña unha presenza constante nas actividades que se organicen.